

A figura do detective na novela negra galega: Leo Caldas, Frank Soutelo, Horacio Dopico e Toni Barreiro

Verónica Pousada Pardo

[Recibido, 24 febreiro 2016; aceptado, 20 marzo 2016]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3164>

RESUMO No marco da literatura galega, a novela negra converteuse nun dos xéneros máis cultivados, que conta, ademais, cun amplo número de lectores. O presente artigo ten como obxectivo principal demostrar a existencia dun modelo de detective galego mediante a análise de catro personaxes: Leo Caldas (Domingo Villar), Frank Soutelo (Miguel Anxo Fernández), Horacio Dopico (Diego Ameixeiras) e Toni Barreiro (Manuel Forcadela). O estudo destes investigadores, presentes nun mínimo de dúas novelas, permiten realizar unha busca de trazos diverxentes e semellantes. Deste xeito, o artigo fundaméntase na procura das características que configuran o personaxe do detective na novela negra galega a través das obras *Un nicho para Marilyn*, *Luar no inferno*, *Ollos de auga*, *A praia dos afogados*, *Baixo mínimos*, *O cidadán do mes*, *Sangue sobre a neve* e *Barato, barato*.

PALABRAS CHAVE: literatura galega, novela negra, detective.

ABSTRACT Within the framework of Galician literature, crime novel has been one of the most written genres that also has a great number of readers. The main goal of this essay is to demonstrate the existence of a model of Galician detective through the analysis of four characters: Leo Caldas (Domingo Villar), Frank Soutelo (Miguel Anxo Fernández), Horacio Dopico (Diego Ameixeiras) and Toni Barreiro (Manuel Forcadela). The study of these investigators, which appear in at least two novels, allow us to search for similar and divergent traits. Thus, the essay is focused on the search for features that conform the detective character in Galician crime novel through the books *Un nicho para Marilyn*, *Luar no inferno*, *Ollos de auga*, *A praia dos afogados*, *Baixo mínimos*, *O cidadán do mes*, *Sangue sobre a neve* and *Barato, barato*.

KEYWORDS: Galician literature, crime novel, detective.

Introdución

Nos primeiros anos da década dos 80 do século XX, as mudanzas no contexto socioeconómico e cultural evidencian a necesidade de que a literatura galega se achegue a un novo público lector. Partindo desta situación, algúns escritores e empresas editoriais apostan pola renovación da narrativa explorando novos xéneros, temáticas e estilos. Dentro da perspectiva de apertura insírese *Crime en Compostela* (1984) de Carlos G. Reigosa, novela de corte policial coa que se abriu o xénero negro para a literatura galega (Tarrío 1994: 441). No mesmo ano da publicación recibe o I Premio Xerais, suceso que implica unha mudanza sen retorno no campo literario galego¹. O outorgamento deste galardón causou unha grande convulsión, xa que a novela negra non formaba parte do modelo de literatura da época. Para Dolores Vilavedra (2013: 110) a decisión de concederlle este premio foi unha ousada aposta canonizadora, xulgada coma unha transgresión nalgúns sectores do ámbito cultural. Con *Crime en Compostela* iníciase un proceso de incorporación de novas formas narrativas ao sistema literario galego que ata ese momento foran consideradas impropias dunha cultura na que primaba a recuperación da identidade (González-Millán 1994: 228). Ademais, grazas á concesión do Premio Xerais, ráchase cos tópicos que ligaban a literatura galega á ambientación rural ou que lle esixían ao lector unha determinada posición política, académica ou ideolóxica. A partir deste acontecemento, o xénero negro foi abríndose paso no campo literario ata experimentar unha grande expansión e popularidade. Na actualidade, existe un amplo número de escritores galegos que se dedican á súa elaboración, creando novelas de fronteira que compracen por igual a adolescentes e adultos.

¹ Segundo o sociólogo francés Pierre Bourdieu (2004: 28) o campo literario pode identificarse coa representación dunha batalla entre dous principios de xerarquización: o heterónimo e o autónomo. Os defensores do principio heterónimo son os partidarios da "arte comercial", mentres que os que escollen o autónomo prefiren a "arte pura". Cada grupo pretende impoñer os límites do campo que son máis propicios para os seus propios intereses, é dicir, define as condicións da auténtica pertenza ao campo para xustificar que este sexa dun xeito determinado (Bourdieu 2004: 45). Por unha banda, o grupo heterónimo caracterízase pola súa flexibilidade, acollendo todo tipo de modelos, estilos, xéneros... Critican a "arte pola arte" por ser pouco accesible e xustifican a súa postura mediante o beneficio económico e a aceptación popular. Pola outra banda, os defensores do principio autónomo caracterízase pola súa independencia con respecto ao estado económico. Están centrados nun público moi concreto e restrinxido e procuran o recoñecemento entre os seus pares, identificados por outros escritores ou persoas moi cultivadas. A loita existente entre o principio heterónimo e o autónomo inflúe na consagración duns ou doutros autores e obras: o primeiro outórgalle maior relevancia aos artistas e libros de éxito, recoñecidos polo público, o segundo consagra os autores e pezas que seguen as regras específicas do campo (modelo, estrutura, temática...).

O presente estudo propón unha análise comparativa dos trazos dos detectives galegos nunha serie de obras seleccionadas de autores de diversa idade, formación e con novelas escritas en períodos dispares. Tómanse unicamente aqueles investigadores que aparecen nun mínimo de dúas creacións, coa intención de recoller a tipoloxía de detective galego asentado nos trazos das sagas. A decisión de elixir dúas obras por autor parte da idea de poder percibir cambios de personalidade ou evolucións nos personaxes. Non se escolle un número maior de obras porque, nalgúns casos, non existen, é dicir, só temos dúas novelas protagonizadas por Horacio Dopico e outras dúas por Leo Caldas. A escolla realízase cronoloxicamente, optando sempre polas primeiras novelas nas que aparece o investigador e, na medida do posible, recóllense todos os elementos que constitúen a súa idiosincrasia para intentar demostrar a existencia dun modelo que tende a repetirse.

A análise desenvólta está baseada no estudo pormenorizado de oito novelas: *Un nicho para Marilyn* (2002) e *Luar no inferno* (2006), de Miguel Anxo Fernández (Carballiño, 1955), profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo, investigador e teórico cinematográfico; *Ollos de auga* (2006) e *A praia dos afogados* (2009), de Domingo Villar (Vigo, 1971), guionista de cine e televisión, que traballa como crítico gastronómico nunha emisora de radio; *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006), de Diego Ameixeiras (Lausana, Suíza, 1976), licenciado en Ciencias da Información, guionista e xornalista; e, por último, *Sangue sobre a neve* (1990) e *Barato, barato* (1991), de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), doutor en Filoloxía e catedrático de lingua e literatura no ensino secundario, que posúe unha ampla produción académica.

Antes de iniciar o percorrido, cómpre presentar brevemente cada un dos personaxes que se van analizar e citar todas as obras nas que aparecen.

Miguel Anxo Fernández crea a Frank Soutelo, o detective privado máis internacional do grupo de investigadores analizados. Pese a ser de pais galegos e considerarse moi próximo á terra dos seus proxenitores, nace e desenvolve toda a súa vida en EUA. A primeira vez que aparece será en 2002 na obra *Un nicho para Marilyn*. Protagoniza, ademais, as novelas *Luar no inferno* (2006), *Tres disparos e dous friames* (2008), *Lume de cobiza* (2011) e *Bícame, Frank* (2013). Vive en Los Ángeles e é alí onde se desenvolven os seus casos, agás nas dúas últimas novelas nas que viaxa a Galicia.

Leo Caldas é o personaxe solitario e melancólico creado por Domingo Villar. Orfo de nai dende cativo, mantén unha estraña relación co pai. Traballa como inspector de policía en Vigo e, ademais, é locutor nun programa de radio chamado “Patrulla nas ondas”. Aparece nas novelas *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*. Ten como compañeiro a Rafael Estévez, un axente aragonés bastante peculiar. Ambas as obras foron traducidas para diversos idiomas e acadaron galardóns como o Premio Losada Diéguez de Creación Literaria en 2010 ou o Premio Frei Martín Sarmiento en 2011.

O detective privado Horacio Dopico aparece da man do escritor Diego Ameixeiras nas novelas *Baixo mínimos* e *O cidadán do mes*. Insírese dentro do Ourense máis marxinal, onde todo semella sexo, drogas, alcohol e corrupción política. Horacio Dopico é un home excluído e inadaptado que gaña a vida facendo traballos sucios. Representa a adicción a diversos vicios: bebedor, fumador, consumidor de droga, habitual de *puticlubs* e clubs de copas.

Manuel Forcadela presenta a Toni Barreiro, ex-boxeador e ex-lexionario, en 1990 coa novela *Sangue sobre a neve*. Detective moi intuitivo e supersticioso que vive na cidade de Vigo e traballa para unha xestoría realizando todo tipo de tarefas (cobros a morosos, seguridade, investigación de roubos...). É o personaxe principal doutras tres novelas: *Barato, barato* (1991), *Fóra de xogo* (1993) e *A procura do falso Grial* (2006). Desenvolve as súas investigacións coa axuda do seu amigo Elvis Constantino.

32

A novela negra

As primeiras novelas inscritas dentro do xénero negro ofrecen un detective-protagonista que responde á imaxe dun heroe virtuoso con características superiores, intelixente, culto e nobre. Identifícase cun ser maniático, estraño, distante, excéntrico (Martín Cerezo 2006: 60) e ademais “Su fantástico supercerebro así como su falta de emociones con respecto a los demás le confieren al detective un halo inhumano superior” (Colmeiro 1994: 67). Trátase dunha persoa que sente unha verdadeira vocación polo seu traballo, “es un héroe, es el depositario de los valores morales, sociales y jurídicos de una colectividad” (Martín Cerezo 2006: 60). Algúns exemplos de detectives clásicos que responden a esta caracterización son Sherlock Holmes (Conan Doyle) e Hércules Poirot (Agatha Christie).

Arredor da década de 1930, debido a unha serie de acontecementos (Primeira Guerra Mundial, Lei Seca, crack do 29, aumento do poder das mafias, corrupción...), prodúcese unha transformación no modelo de detective clásico británico, encabezada polos autores Raymond Chandler e Dashiell Hammett en Estados Unidos e Georges Simenon en Francia. Dende este preciso momento comeza a establecerse unha diferenza, é dicir, fálase de “novela policiaca clásica” en referencia ás narracións anteriores a esta mudanza e denomínanse “novelas negras” as obras aparecidas posteriormente. Deste xeito, o xénero negro convértese nunha “literatura de alcance social que desdeña el universo burgués y el simple divertimento mental que, protagonizada por un nuevo tipo de detective privado –el *hard-boiled* (traducido literalmente como ‘duro y en ebullición’ o, de forma menos rigurosa como ‘duro de pelar’), casi tan violento, cínico y marginado como un delincuente– aborda con honestidad, rigor, y realismo la cotidiana realidad criminal” (Alonso e Santamaría 1991: 22-23). Algúns exemplos de detectives que responden a esta caracterización son Philip Marlowe (Chandler), Sam Spade (Hammett) e Race Williams (Carroll John Daly).

Coa evolución e desenvolvemento da novela negra, o personaxe do detective racha radicalmente coa visión clásica. Os investigadores aparecen retratados coma persoas cheas de defectos, vicios e temores. Son os antiheroes, “conocen y exploran los bajos fondos de la sociedad que habitan, y entran en contacto con delincuentes, criminales y todo tipo de seres marginales” (Colmeiro 1994: 72). Relegando ao esquecemento esa visión romántica do detective como suxeito case perfecto que ten como única finalidade loitar polos seus ideais, nas novelas negras actuais o investigador convértese nun ser humano normal e corrente. Fronte á idealización da novela clásica, agora prima o uso da violencia en detrimento da capacidade mental, “they used guns and physical force more than intellectual reasoning” (Barnes 1975: 75). Colmeiro (1994: 70) presenta unha conexión entre a novela negra clásica e os libros de cabaleirías, mentres que relaciona o xénero negro “moderno” coa novela picaresca.

Dentro desta perspectiva innovadora insírense os catro personaxes que se van analizar a continuación (Leo Caldas, Frank Soutelo, Horacio Dopicco e Toni Barreiro). Todos eles implican unha ruptura co heroe tradicional (nobreza, beleza, integridade, valor...). Xa non se trata dun ser infalible, o personaxe trabúcase con frecuencia e amosa algúns aspectos que se afastan

claramente da heroicidade. Por exemplo: Toni Barreiro e Leo Caldas son tímidos, é dicir, mostran falta de seguridade e de desenvoltura nas súas relacións persoais; Leo Caldas é débil, posto que se marea con facilidade nos medios de transporte; e Frank Soutelo sente medo con frecuencia cando traballa nos casos. Como indica Colmeiro (1994: 70) o protagonista da novela negra é un home deste mundo, cuxa fortaleza física e moral non é invulnerable ante os ataques que sofre continuamente cando está a investigar.

A marxinalidade é outra das características que definen o antiheroe. O mellor exemplo é Horacio Dopico: despedido da axencia para a que traballou durante anos polo seu problema coa bebida, sen diñeiro para establecerse legalmente e con graves problemas de adicción. O detective atópase á marxe da sociedade e mostra características inmoriais. Coñece perfectamente os baixos fondos da cidade polos que se move con facilidade, mostrándolle ao lector unha visión das problemáticas sociais que agochan as grandes urbes. De todos xeitos, é preciso establecer unha liña entre os detectives privados (Frank Soutelo, Toni Barreiro e Horacio Dopico) e os que pertencen á policía (Leo Caldas), dado que o grao de marxinalidade muda substancialmente.

A figura do detective galego

Mediante a comparación de oito novelas (*Un nicho para Marilyn*, *Luar no inferno*, *Ollos de auga*, *A praia dos afogados*, *Baixo mínimos*, *O cidadán do mes*, *Sangue sobre a neve* e *Barato, barato*) establécense unha serie de concordancias que permiten entrever un mesmo bosquexo para os catro detectives, dado que os trazos que os escritores escolleron para cada personaxe parten dun determinado motivo e teñen unha finalidade concreta.

Cabe destacar que o investigador é un home. Aínda que son abundantes, na literatura, as mulleres detectives (por exemplo, Mrs. Marple de Agatha Christie), hai unha tendencia a escoller personaxes masculinos na novela negra galega. Polo que se refire ao aspecto físico, existen algunhas pequenas diferenzas. Horacio Dopico ten uns 40 anos e unha complexión corrente; Frank Soutelo, duns 50 anos, é acorporado, diso que reciba o sobrenome de “Big Frank”; Toni Barreiro, duns 40 anos é moi forte e corpulento, dado que foi boxeador no pasado; e, por último, de Leo Caldas non se sabe nin a súa

idade nin o seu aspecto físico², porén polos datos facilitados é posible que teña entre 40 e 50 anos, como os demais investigadores analizados.

O detective vive nunha cidade e frecuenta os mesmos locais. Leo Caldas e Toni Barreiro viven en Vigo, Horacio Dopico en Ourense e Frank Soutelo en Los Ángeles. O espazo literario predilecto da novela negra é a cidade, posto que no ambiente urbano a criminalidade é máis significativa. As urbes implican a existencia dunha periferia marxinal que reflicte a degradación social. Por outro lado, nas novelas analizadas as cidades galegas descríbense con moito detalle (rúas, parques, monumentos...), converténdose en verdadeiros personaxes. Todos os investigadores teñen un ou varios locais aos que van a miúdo: Leo Caldas a taberna Elixio e o bar Puerto, Toni Barreiro o bar Teide, Horacio Dopico o bar Auriense e Frank Soutelo o restaurante Peirao. Nalgúns casos os sitios de lecer dos que son habituais teñen unha función esencial para o detective, dado que o axudan a resolver o caso.

Aínda que non se cumpre escrupulosamente, o investigador acostuma a non traballar só. Os acompañantes, na novela negra, son personaxes de grande importancia que teñen a tarefa de humanizar e reforzar a personalidade do detective. Coa excepción de Horacio Dopico, todos reciben axuda dun colaborador. Leo Caldas e Toni Barreiro teñen compañeiros fixos, Rafael Estévez e Elvis Constantino, respectivamente. O acompañante actúa como contrapunto, discernindo dun xeito máis sinxelo as facultades e as características propias do investigador. Pola súa banda, Frank Soutelo aparece acompañado de axudantes ocasionais:

Empreguei as xornadas seguintes en deseñar un plan coa axuda de Tabasco, reconvertido en socio accidental nesta empresa porque no fondo ambos estábamos no mesmo, aínda que desde posicións e intereses diferentes (Fernández 2002: 113).

Habitualmente o detective non pertence á policía ou a outro corpo oficial. Nos casos analizados cúmprese esta premisa, coa excepción de Leo Caldas que é inspector de policía. Frank Soutelo exerce por conta propia como investigador (ten despacho de seu), Toni Barreiro e Horacio Dopico traballan

² Domingo Villar, nunha entrevista realizada para o xornal *Faro de Vigo* (Santos 2009), afirma que prefire non achegar datos físicos sobre Leo Caldas, deste xeito cada lector pode ter a súa propia imaxe del.

para outras persoas realizando “choios” de todo tipo. Na situación concreta de Horacio Dopico percíbese unha mudanza da primeira novela á segunda: primeiro executa tarefas fóra da lei para organismos oficiais, concretamente para a Consellería do Interior e, posteriormente, traballa de maneira independente.

Ante a necesidade de resolver un caso, todos traspasan os límites, transgreden as leis establecidas e quebrantan as normas. Por exemplo: Horacio Dopico ameaza e agride a varias persoas para conseguir información (*O cidadán do mes*), Frank Soutelo rouba un cadáver dun cemiterio (*Un nicho para Marilyn*), Toni Barreiro entra ilegalmente nun edificio para conseguir probas (*Barato, barato*) e Leo Caldas³ dálle diñeiro a un camareiro para obter información (*Ollos de auga*). “A lei é inxusta cos desgrazados” afirma Horacio Dopico (Ameixeiras 2004: 123), recoñecendo que os poderosos saen habitualmente impunes dos crimes. Este é un dos motivos fundamentais de que os detectives teñan a súa propia moral, que lles permite instaurar un novo modelo onde clasificar as accións boas e as malas. “The best of them dig into the various forms of corruption in both high and low places, and secure our interests and sympathy by demonstrating that a situation is rarely all black or all white” (Barnes 1975: 75). Deste xeito, un obxectivo xusto escusa o comportamento violento e o incumprimento das normas sociais.

O investigador ten gustos exquisitos. Grazas a estes elementos refinados polos que sente pracer ou satisfacción, o detective aparece caracterizado dun xeito pouco convencional, afastándose así do común da sociedade. Nas novelas estudadas son dous os puntos fundamentais que permiten esta diferenciación: a gastronomía galega⁴ e música jazz. A Frank Soutelo, Leo Caldas e Toni Barreiro gústalles o viño galego (Albariño, Ribeira Sacra...) e o bo comer. Nas obras recóllense continuas referencias a pratos galegos de todo tipo, aínda que destacan o peixe e o marisco (nécoras, robaliza, rape, xoubas, empanada de vieiras, polbo, percebes, linguado...). Pola outra banda, a Leo Caldas e a Horacio Dopico encántalles o jazz, xénero musical conectado coa novela negra americana.

³ Nas novelas de Domingo Villar a persoa que realmente representa o papel de transgresor das normas é Rafael Estévez. En varios casos non dubida en empregar a violencia para conseguir as declaracións das testemuñas ou dos sospeitosos.

⁴ A gastronomía está ligada á reivindicación da cociña tradicional, como unha “vía de recuperación de las señas de identidad colectivas” (Colmeiro 1994: 87).

Así empecei a utilizar a John Coltrane como balsámico existencial. Os acordos do saxo tenor, diluídos na atmosfera requecida da mañá, moito me prestaban (Ameixeiras 2006: 27).

A pesar de que sempre acabará resolvendo os casos que se lle presentan, a súa vida persoal é un desastre. En certa maneira o detective é un triunfador no ámbito profesional, pero un perdedor no ámbito privado. Aínda así, o éxito laboral acostuma ser acedo. No caso concreto de Leo Caldas, o recoñecemento público nada ten que ver co seu verdadeiro traballo:

Por moi pouco orgulloso que estivese de participar nel, a pesar dos anos de servizo no corpo de policía, se a xente o coñecía era por aquel absurdo programa de radio (Villar 2006: 73).

Frank Soutelo ten unha boa situación económica que lle permite levar unha vida acomodada e mercar artigos caros (traxe de Armani, coche Pontiac Sunfire...). Pola súa banda, Horacio Dopico e Toni Barreiro non teñen traballo fixo e realizan actividades laborais ocasionais, por conseguinte, a súa situación económica resulta bastante precaria. Ambos os investigadores son relativamente pobres e precisan o diñeiro que reciben polos traballos resoltos para sobrevivir:

–¡O que realmente necesito é pasta para ir de putas! –berrei (Ameixeiras 2004: 57).

–Consegue diñeiro para casarnos e deixo o traballo –dixo Katty.

–¡Que máis quixera eu que poderte sacar dese tugurio! –dixo Toni (Forcadela 1990: 27).

Independentemente do diñeiro que posúen, as súas vidas parecen miserables. Por exemplo, a Horacio Dopico uns cativos rúbannlle o anticipo dun pago por culpa dun descoído (*O cidadán do mes*). Carecen de horarios, realizan traballos cheos de perigos e sofren continuos enfrontamentos violentos. Sempre están ao límite e son vulnerables.

Como parte fundamental do antiheroe, o detective mostra diversos signos de degradación, porén non todos os vicios indican o mesmo deterioro da persoa. Destácase a existencia de tres dependencias, dúas delas aceptadas socialmente (tabaco e alcohol) e outra que implica unha degradación maior,

posto que representa unha conduta socialmente censurable (droga). En primeiro lugar, agás Frank Soutelo, os detectives fuman con frecuencia, fundamentalmente cando están a meditar sobre a investigación. Para Horacio Dopico fumar resulta case enfermizo, xa que implica empeorar a súa doenza de farinxite crónica:

Caldas asentiu sen deixar de remexer coa culleriña na cunca. Prefería acender un cigarro, pero no bar Puerto eran tan estritos co tabaco coma cos tempos de cocción do marisco, e tivo que conformarse con remover o café (Villar 2009: 39).

Almorcei un café negro e tres cigarros nun bar da Praza de Abastos (Ameixeiras 2004: 39).

En segundo lugar, todos beben con frecuencia. Ademais do viño galego, que como se comentou anteriormente é a bebida predilecta, aparecen referencias a outros líquidos espirituosos: cervexa, licor café e whisky. Neste último caso destacan Frank Soutelo, Toni Barreiro e Horacio Dopico. Do mesmo xeito que acontecía coa música jazz, o whisky é a bebida que máis se asocia coa novela negra americana:

—Entre as cousas que non paga a pena cambiar, está o boubon vello, ben o sabes (Fernández 2006: 129).

O whisky estábame a pasar factura —gástrica, fundamentalmente—, mais a miña cabeza gozaba dunha claridade mental que, para calquera bebedor masivo, resultaría envexable (Ameixeiras 2004: 107).

Pese a que todos beben, só Horacio Dopico se emborracha e sofre as conseguíntes resacas do día despois. Nalgúns intres o alcohol parece ser unha necesidade ou mesmo unha vía de escape:

Sentíame coma sempre e coma cando non estaba borracho: baixo mínimos (Ameixeiras 2004: 166).

Por último, vivindo ao límite das súas posibilidades, o único que consume drogas é Horacio Dopico:

Coa perica azoutándome as ansias todas, sentínme en disposición de saír á rúa (Ameixeiras 2004: 17).

O detective non acostuma ter parella estable. A soidade está presente en todos eles coma unha sombra que nunca se esvaece e que lles lembra a imposibilidade dunha sólida vida sentimental. En realidade, ningún dos investigadores analizados está só por propia elección, trátase dunha consecuencia do traballo ou do prexudicial ambiente no que se moven. Deste xeito, os detectives aparecen representados coma persoas solitarias, fortes e desencantadas da vida. Logo de rematar un dos seus casos, Leo Caldas prefere pasar as horas no bar que regresar a casa:

O inspector decidiu acudir ao bar do casco vello por terceira vez. Non quería achegarse á soidade da súa casa (Villar 2006: 241).

Para o inspector da policía de Vigo, o traballo convértese no único motivo para vivir, relegando ata a inexistencia o ámbito persoal:

A vostede dálle o mesmo chamar de noite que de día; para vostede non hai diferenza entre un martes, un venres ou un domingo. Todos os días son iguais (...) Eu non teño a culpa de que a súa vida se reduza ao traballo –dixo–, pero ten que comprender que non todo o mundo é coma vostede (Villar 2009: 321).

Outro punto en común relacionado coa estabilidade sentimental é a existencia, no pasado, dunha relación truncada. A perda da muller amada é un símbolo do fracaso persoal do detective. Leo Caldas tivo unha moza coa que ía moi en serio e Frank Soutelo e Horacio Dopico estiveron casados. Leo Caldas e Horacio Dopico⁵ seguen namorados das persoas coas que estiveron con anterioridade, aínda así, fican en silencio, compadecéndose da súa vida, sen loitar por recuperar a relación truncada:

Para torturarme un pouco rematei a botella de whisky botándolle unha ollada a un vello álbum de fotos de cando facía con Marina o que a primavera coas amendoeiras (Ameixeiras 2004: 61).

Leu dúas veces o nome na pantalla. “Alba”. Alba? (...) Quedou parado no medio da beirarrúa co teléfono na man, mirándoo, sen atreverse a marcar (Villar 2009: 255).

⁵ Segue tendo a foto da súa ex. na mesa de noite (Ameixeiras 2004: 123).

Pola súa banda, Frank Soutelo non se outorga a si mesmo a oportunidade de volver empezar de novo, pese a sentir algo pola súa secretaria Pat Pérez⁶ e pensar nela continuamente:

Finalmente rematara tan satisfeito daquela aventura que na cabeza me fervía a idea de invitar a Pat, a cear ou ao que fose. Quedara tan farto de cadáveres que me notaba necesitado da súa vitalidade. Non quería catre a pelo, iso quede claro, buscaba outra cousa (Fernández 2002: 141).

Resulta infactible a recuperación da relación perdida, por iso todos, agás Leo Caldas, manteñen aventuras ocasionais, incluso con mulleres relacionadas cos casos que están a investigar. Existen exemplos desta conduta nas novelas *Sangue sobre a neve* e *O cidadán do mes*.

Ademais destes encontros casuais, semella que os detectives só poden establecer vínculos afectivos con persoas que se moven neses mesmos ambientes marxinais. Horacio Dopico sae durante un tempo cunha das rapazas (Ágatha) que traballa nun *puticlub* e Toni Barreiro mantén unha relación cunha estrela do *strep-tease*. Aínda así, a felicidade é inviable. Ágatha finalmente acaba fuxindo co mellor amigo de Horacio Dopico e Toni Barreiro séguese sentindo completamente só:

Cada vez que penso algo éntranme ganas de cortar o pescozo. Ágatha deixárame tirado meses atrás polo meu mellor amigo, Roi Maceira [...] (Ameixeiras 2006: 25).

Sen embargo, aquilo non bastaba para encher a soidade. Moitas noites desexaba encontrar a outra persoa. Estabilizar a súa relación sentimental. O mundo na nocturnidade, do *strep-tease*, da semi-prostitución, comezaba a facérselle moi duro (Forcadela 1990: 41).

A ironía e o cinismo⁷ son características propias que o antiheroe emprega como protección, permitíndolle fuxir da penuria da realidade coa que ten que convivir. Xunto con estas dúas calidades, na novela negra galega destaca o humor e a retransca, como distintivos do detective autóctono:

⁶ Pat Pérez, de orixe galega, é unha muller forte, intelixente e atractiva. Seguindo os prexuízos sociais, dá a imaxe de "dama en apuros" diante de Frank Soutelo porén, Pat non precisa de ninguén que a protexa, dado que posúe unha titulación en defensa persoal e sólidos coñecementos de balística.

⁷ É posible establecer unha conexión co detective Philip Marlowe (Chandler), caracterizado fundamentalmente polo seu estilo irónico e cínico.

–Chegamos –díxome o mordomo logo de baixar o cristal que nos separaba. Diante dunha obviedade como aquela non puideron menos que contestar: “Xa, crin que parabamos a mexar.” Pasmou un pouco. Seguro que botou tempo tentando atoparlle a graza ao meu comentario... (Fernández 2002: 30).

Xeneticamente estou programado para sementar o maior número de femias posibles (Ameixeiras 2004: 169).

–Xefe, aínda non me contou que facemos aquí –comentou Rafael Estévez mirando ao seu superior.

–Non, aínda non. (Villar 2006: 143).

Conclusións

Un dos aspectos máis interesantes do xénero negro é súa vitalidade, dinamismo e capacidade para evolucionar. Un exemplo desta transformación é a mudanza que supuxo a novela negra fronte á novela policíaca clásica, o permitiu que o lector se achegase a unha realidade próxima e cativadora, cumprindo, ademais, coa obriga de mostrar as carencias morais da sociedade. Polo que se refire á literatura galega, a novela negra está a vivir unha época de esplendor, sobre todo no século XXI, cun número cada vez maior de escritores e lectores asiduos que convierten as obras en grandes éxitos. Diego Ameixeiras, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernández e Domingo Villar, xunto con Carlos G. Reigosa, son algúns dos principais cultivadores contemporáneos da novela negra galega.

Tras a análise, polo miúdo, dos personaxes de catro detectives galegos de sagas⁸: Leo Caldas (Domingo Villar), Frank Soutelo (Miguel Anxo Fernández), Horacio Dopico (Diego Ameixeiras) e Toni Barreiro (Manuel Forcadela), conclúese que os investigadores, na literatura galega, rachan co modelo tradicional (novela negra clásica) e seguen as pegadas innovadoras da novela

⁸ Neste estudo non se inclúe o detective Nivardo Castro, creado por Carlos G. Reigosa e que protagoniza as novelas *Crime en Compostela* (1984), *O misterio do barco perdido* (1988), *A guerra do tabaco* (1996), *Narcos* (2000) e *A vinganza do defunto* (2014). Este primeiro detective galego, que abre o xénero, dadas estas circunstancias, non presenta a complexidade dos outros investigadores analizados. Aínda que puntualmente existan algunhas conexións como a debilidade (Nivardo Castro ten medo a voar), non se insire na análise pola superficialidade que presenta o detective nas dúas primeiras novelas.

negra americana, é dicir, da que se publica a partir de 1930. Porén, iso non significa que non existan certas reminiscencias á visión clásica dos detectives, como, por exemplo, os seus gustos exquisitos.

A tipoloxía dos personaxes presentados non constitúe unha tradición literaria propia, posto que, en xeral, se reproducen arquetipos da novela negra americana. Pese ás diferenzas dos seus autores e dos anos de publicación das obras estudadas, existen certas concordancias entre Leo Caldas, Frank Soutelo, Horacio Dopico e Toni Barreiro. Seguindo estas similitudes é posible elaborar un perfil común, é dicir, o modelo de detective galego: é un home, vive nunha cidade e frecuenta sempre os mesmos locais. Habitualmente non traballa só e quebranta as normas para resolver os casos. Ten gustos refinados que o diferencian do resto da poboación e usa o humor e a retranca como parte indiscutible da súa identidade. Na súa vida persoal, é un fracasado, non ten parella estable e conta con varias adicións que non é quen de superar. A presenza dos axudantes fixos ou eventuais serve como contrapunto para o desenvolvemento da trama ou como solución do caso investigado, naturalizando os protagonistas. Algo semellante acontece cos principais personaxes femininos cos que se relacionan sentimentalmente os investigadores: Katty (Manuel Forcadela), Marina (Diego Ameixeiras), Pat Pérez (Miguel Anxo Fernández) e Alba (Domingo Villar). Todas elas mulleres independentes, á altura dos tempos actuais e da reformulación dos roles femininos.

42

Narratoloxicamente, o investigador da novela negra galega preséntase como o antiheroe, cargado de matices que o degradan e elementos que o humanizan. A súa propia existencia é unha crítica voraz á hipocrisía social, á corrupción das clases adiñeiradas e á situación marxinal que viven as persoas que carecen de todo tipo de dereitos. Os diversos compoñentes galegos (gastronomía, cultura, idiosincrasia...) están continuamente presentes nas creacións literarias e establécense como unha particularidade inseparable do detective protagonista.

Verónica Pousada Pardo

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Referencias bibliográficas

- Alonso, José e Pedro Santamaría. 1991. *Antología del relato policial*. Barcelona: Editorial Vicens Vives.
- Ameixeiras, Diego. 2004. *Baixo mínimos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2006. *O cidadán do mes*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Barnes, Melvyn. 1975. *Best Detective Novel: A Guide from Godwin to the Present*. Londres: Clive Bingley.
- Bourdieu, Pierre. 2004. *O campo literario*. Tradución e presentación Carlos Pérez Varela. Ames: Edicións Laiovento. [1ª ed. 1991].
- Colmeiro, José. 1994. *La novela policíaca española: teoría e historia crítica*. Barcelona: Anthropos Editorial.
- Fernández, Miguel Anxo. 2002. *Un nicho para Marilyn*. Vigo: Editorial Galaxia.
- 2006. *Luar no inferno*. Vigo: Editorial Galaxia.
- 2008. *Tres disparos e dous friames*. Vigo: Editorial Galaxia.
- 2011. *Lume*. Vigo: Editorial Galaxia.
- 2013. *Bícame, Frank*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Forcadela, Manuel. 1990. *Sangue sobre a neve*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- 1991. *Barato, barato*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- 1993. *Fóra de xogo*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- 2006. *A procura do falso Grial*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- G[onzález] Reigosa, Carlos. 1984. *Crime en Compostela*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 1988. *O misterio do barco perdido*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 1996. *A guerra do tabaco*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2000. *Narcos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

— 2014. *A vinganza do defunto*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

González-Millán, Xoán. 1994. “A novela policial. Fragmento de Crime en Compostela, de Carlos G. Reigosa”. En Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentarios de textos populares e de masas* (pp. 193-229). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Martín Cerezo, Iván. 2006. *Poética del relato policiaco (de Edgar Allan Poe a Raymond Chandler)*. Murcia: Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones.

Santos, Ágatha de. 2009. “Soy un escritor que trabaja despacio e incumplo religiosamente los plazos” *Faro de Vigo* (23 de maio). Consultado o 12 de xaneiro de 2016, <http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2009/05/23/escritor-trabaja-despacio-e-incumplo-religiosamente-plazos/330328.html>

Tarrío Varela, Anxo. 1994. *Literatura Galega. Aportacións a una historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Vilavedra, Dolores. 2013. “Literatura galega, un fenómeno proteico”. *Grial*, 200, pp. 103-111.

Villar, Domingo. 2006. *Ollos de auga*. Vigo: Editorial Galaxia.

— 2009. *A praia dos afogados*. Vigo: Editorial Galaxia.